

AMÉRICA SOLIDARIA

*Na década dos 40
Buenos Aires é, sen dúbida,
a “cidade galega” máis populosa
no mundo. Xunto con Montevideo
aglutinaba un colectivo de
intelectuais de distintos eidos
culturais verdadeiramente
espectacular*



Nos anos 50, unha nova xeración educada no franquismo procura a liberdade en América e uníranse ao colectivo amentado. Algunhas destas persoas son Xosé Neira Vilas, Eliseo Alonso, Yolanda Díaz Gallego, Fernando Pereira, Manuel Mera Sánchez, Carlos Abreira ou Elsa Fernández Mentres algúns quedan en Buenos Aires, outros desprazaranse a Montevideo ou, no caso de Neira Vilas, á Habana de maneira que protagonizarán un dos grandes capítulos das letras e do pensamento de toda a nosa historia. Prodúcese unha efervescencia de actividades e publícanse diversos libros, como os dous primeiros volumes da *Historia de Galicia*, obra proxectada por Otero Pedrayo e Manuel Puente ou *A esmorga* de Blanco Amor; mesmo ven a luz varios discursos de Alexandre Bóveda, que nesas datas eran imposibles de publicar na Galiza.

Arxentina segue a xogar un papel moi importante sobre todo na edición, ata a década dos 60 e 70, en que se publican libros de Manuel María, Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Manuel Lueiro Rey.

Cultura e política

O ensino era unha das preocupacións prioritarias dos exiliados que querían crear, canto antes, institucións educativas. O nutrido número de profesores e mestres exiliados permitía dispor dun bo cadro de persoal que levase adiante unha empresa tan importante. Contábase co apoio dos dous organismos de axuda, SERE e JARE, e coa decidida colaboración do Goberno de Cárdenas en México. Creouse deste xeito o Instituto Luís Vives e pouco despois a Academia Mexicana e o Instituto Hispano Mexicano Ruíz de Alarcón, cuxo director era o galego Pedro Martul Rey. O Instituto impartía todos os niveis do ensino preuniversitario.

Cómpre sinalar que os galegos estaban presentes en todo o amplo espectro que cubrían as organizacións políticas do exilio e cobraba relevancia o labor dos grupos manifestamente galeguistas co obxectivo depositado na defensa da nosa lingua e da nosa cultura.

En Arxentina asentouse Castelao logo de pasar por Nova York. Mais tamén persoeiros como Luís Seoane, Rafael Dieste, Blanco Amor, Manuel Colmeiro, Laxeiro, Antón Alonso Ríos, Arturo Cuadrado, Xosé Núñez Búa, Xosé Otero Espasandín, Gumersindo Sánchez Guisande, Ramón Suárez Picallo, Lorenzo Varela ou a pintora Maruja Mallo.

Na década dos 40, Buenos Aires é, sen dúbida, a “cidade galega” máis populosa do mundo. Xunto con Montevideo aglutinan un colectivo intelectual de distintos eidos culturais verdadeiramente espectacular. Aínda que cómpre destacar a Castelao pola súa extraordinaria proxección na política, nas artes e na literatura, Luís Seoane ocupa un lugar cimeiro na arte, no mundo da edición e na creación literaria, alén de non desfalecer nunca do seu insubornable compromiso político coas causas progresistas.



3

